

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. Colección: Colección: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane
Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Isaac Díaz Pardo do 13/06/1957

Colección:

Data: 13/06/1957

De:

Luís Seoane;

Para:

Isaac Díaz Pardo;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

O Castro [parr. Osedo, conc. Sada] (local), Osedo (parroquial), Sada (municipal)

Localización física: Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. ; Artes; Autores/as; Emigración; Migracións;

Mencionados:

Eduardo Blanco Amor; Francisco Fernández del Riego; Carlos Maside; Maruxa Seoane; Manuel Torres;

Notas do editor:

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Isaac Díaz Pardo do 13/06/1957

Buenos Aires, 13 de xunio de 1957

Sr. Isaac Díaz Pardo

Castro, Sada

Querido Díaz Pardo:

Recibín as túas cartas e mais as fotos e as outras cousas que me anunciabas. Agradézoche todo moito. Aínda non chegaron nin as túas porcelanas nin os dibuxos de Torres. Díste recibín unha carta que aínda non contestei chea de modestia e mañífica. Estou seguro que os dibuxos teñen que ser eispléndidos. Hoxe escribinlle a Paco. Fai falla, dígolle na carta, que os envíos de debuxos, grabados, acuarelas ou o que sexan, veñan o mais seguido que se poida. Cada eisposición inaugúrase ao cabo de quince días e comézase con Torres no mes de Sain-lago, e teñen de ser iste ano oito eisposicións. Temos de facer colecionistas galegos. E preciso, si non é

imposible, que Maside nos envíe unha mostra dos seus grabados. Son eixemplares e terá fraco eisito. Escribide ao Centro Lucense. Non che digo mais ren. Agardamos por ti. Estamos moi esperanzados.

Eu deixei o Centro Gallego porque non podía aturar mais certas cousas. Designaron Director da revista a Eduardo. As fotos de Betanzos son magníficas. Coma isas quixera algunhas dos capiteles románicos da Cruña e do relevo da praza das Bárbaras. Tamén, si non se esqueceu Baltar, das gárgolas do Hospital de Sant-Iago e dos capiteles do craustro da Catedral. Perdóame, para istes asuntos fíxome a boca un frade. Saúdos aos amigos. E a tua dona e ti recibide a aperta de Maruxa e miña. E ti outra mais do teu amigo:

Seoane

Colabora



Agradecementos

Familia Isaac Díaz Pardo

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.